

BROMAS NA ESCURIDADE

Texto e ilustracións de DANIELA KULOT

Tradución de SILVIA PÉREZ TATO

Encadernado en cartón. 23 x 29,7 cm. 32 páx. 15 €.

Bromas na escuridade (galego)

ISBN 978-84-8464-401-9. Demademora.

Bromas en la oscuridad (castelán)

ISBN 978-84-8464-402-6. Obras de autor. Primeros lectores.

Bromes a les fosques (catalán)

ISBN 978-84-16804-53-5. Obres d'autor. Primers lectors.

Aquela noite era a primeira vez que a lebre Herminia e o verme Ringo quedaban a durmir na casa do oso Baldo. A mamá lebre e o papá verme estaban un pouco nerviosos. –Trouxestes todas as vosas cousas? –Si! –responderon Herminia e Ringo–. Ata mañá!

Tres pequenos amigos -un oso, unha lebre e un verme- celebran a súa primeira noite xuntos na casa dun deles. Durmir nun lugar alleo ao propio fogar, ir a un campamento ou participar nunha actividade que rompe a rutina familiar son aventuras que a moitas nenas e nenos failles ilusión experimentar: proporcionálles unha sensación de autonomía e madurez, estímúalos no exercicio da responsabilidade ante o novo ou o descoñecido, e axúdaos no difícil proceso de socialización. Iso lles ocorre aos protagonistas de “Bromas na escuridade”.

Os nervios iniciais dos hóspedes -tanto dos pais como dos fillos- e a hospitalidade dos anfitrións son o punto de partida do relato. A cea, o aseo, o xogo e o conto antes de durmir forman parte dunha divertida dinámica na que as historias de intriga e o poder da imaxinación achegan emoción a esta entrañable vivencia infantil. Interactuando entre eles percíbese a personalidade de cada un: os seus medos, as súas debilidades, a necesidade de protección e seguridade por parte dos adultos.

De Daniela Kulot destaca o seu talento para crear relatos a partir da vida cotiá, captando a identificación dos lectores coa situación exposta. Neste caso, o escenario é o contorno doméstico e familiar, representado con cores alegres que contrastan coas páxinas nas que a historia transcorre sen apenas luz. A estética do cómic está presente neste álbum con ilustracións a modo de viñetas, bocadillos e xogos tipográficos.

www. **Kalandraka**.com
comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** a experiencia de tres amigos que pasan a súa primeira noite xuntos.
- **Idade recomendada:** desde 5 anos.
- **Aspectos destacables:** amizade, xogo, humor; ámbito familiar, novas experiencias na nenez; socialización; outros títulos da autora: a serie “[Crocodilo namorado](#)”, “[Unha casa a medida](#)”, “[Unha parella diferente](#)”, “[Unha familia normal](#)” e “[Un lío de cordones](#)” (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/bromas-na-escuridade-g>

Daniela Kulot

(Schongau, 1966)

En 1988 iniciou os seus estudos de educación artística na Universidade de Augsburg, aos que seguiron outros cursos de deseño gráfico e ilustración. En 1993 empezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora *freelance*. Completou a súa formación na Escola de Belas Artes de Munich. Foi visitando feiras internacionais de literatura infantil como a de Boloña, cando a editorial alemá Thienemann lle deu a primeira oportunidade de publicar. En 1999 comezou a impartir clases de debuxo na Escola Profesional de Augsburg. A súa obra expúxose na Bienal Internacional de Bratislava (1997), no Museo de Günzburg (2001) e na Feira de Arte de Nagama en Xapón (2002), entre outras cidades.

<http://daniela-kulot.de>

